

<b>DATA:</b>
<b>ASUNTO:</b> <i>Escolarización 2018-19 (requirimento para subsanar deficiencia en solicitude en casos de separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida, ao ser asinada por un só proxenitor).</i>

<b>Ref. Escolarización 2018-19</b>
<b>DESTINATARIO/S:</b>  D./Dña:

### ANTECEDENTES E FEITOS:

En data do \_\_\_\_\_, con rexistro de entrada nº \_\_\_\_\_, recíbese unha instancia/solicitude de escolarización para o curso 2018-19 formulada e por D./Dña. \_\_\_\_\_, en favor de \_\_\_\_\_, para ser escolarizado/a no centro \_\_\_\_\_, no nivel/curso \_\_\_\_\_,

Xunto coa referida solicitude, achéganse os seguintes documentos

1. X

### CONSIDERACIÓNS

Nas INSTRUCIÓNS da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2018-19 (Asinadas o 27/02/2018), establécese na súa instrución 4, alínea b) no relativo á formalización de solicitudes de admisión o seguinte:

*A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.*

*Nos demais casos **requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.***

*De constatarse no expediente a separación ou divorcio dos proxenitores coa patria potestade compartida e a existencia dunha soa sinatura na solicitude, **deberase requirir á proxenitora ou o proxenitor que a presentou que subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.***

*De existir unha discrepancia formulada expresamente por escrito pola proxenitora ou polo proxenitor que non asine, **non se paralizará o expediente**, sen prexuízo de que os feitos se poñan en coñecemento da xefatura territorial para o seu traslado, se é o caso, ao Ministerio Fiscal.*

***En espera da decisión xudicial, escolarizarase de forma cautelar ao menor no centro docente que corresponda**, tendo en conta a solicitude formulada pola proxenitora ou o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e con quen conviva de forma habitual.*

### CONCLUSIÓN/ RESOLUCIÓN:

Considerando o referido apartado da citada instrución, e observando que a solicitude/ instancia presentada está unicamente por un único proxenitor ( \_\_\_\_\_ ), ínstaselle a que no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte a recepción da presente comunicación, **subsane a deficiencia ou, se é o caso, xustifique o motivo da omisión por calquera medio de proba admitido en dereito.**

*Infórmase que que contra a presente resolución, pode interpoñer recurso ordinario perante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U da Coruña, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (BOE do 2 de outubro), ou outras actuacións que consideren oportuno.*

O/A director/a do centro